

A limpeza das praias de Oleiros durará ata o 1 de setembro

Alfaroleiros, as cores da terra

Do 4 ó 7 de agosto, o Parque Luís Seoane encherase de novo de artesanía e de artistas do barro. Once edicións avalían e consolidan esta feira situada entre as mellores do sector dentro do Estado español. Ademais de cerámica e outra artesanía, teremos música tódolos días. É aconsellable non perder esta cita.

Páxina 8



Concello de  Oleiros

Radio Oleiros incrementa a súa programación incluíndo espazos dedicados a temas de carácter social: saúde, cocíña...

Páxina 17

Vivir en Oleiros

Número 20
Xullo 2005
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

XI Edición dos Xogos Mundiais de Policía e Bombeiros



Reigada, campión mundial en Québec -Canadá-

■ **Francisco Javier González Reigada**, membro do Corpo de Policía Municipal de Oleiros, ven de proclamarse, por segunda vez na súa traxectoria, Campión do Mundo de Kárate na modalidade Kumite-Combate na categoría Senior (de 30 a 39 anos e 65 quilos).

O compañeiro Reigada viaxou á rexión canadiana de Québec os días 2, 3 e 4 de xullo, para participar na XI edición dos Primeiros Xogos Mundiais de Policía e Bombeiros, competición na que representou ó concello de Oleiros.

Neste mesmo Campionato, acadou ademais o 2º posto na modalidade Kumite como membro da Selección Nacional de Policía. Grazas a Reigada, Oleiros subíu ó podium nesta competición mundial. Noraboa, campión!

Revela para revelarse contra as inxustizas sociais.

Clausurouse o 12 de xullo este I Foro Internacional de Fotorreportaxe e Sociedade. O concello valorou moi positivamente a experiencia, xa que se lograron os obxectivos que puxo a primeira pedra para a consolidación deste evento que propicia a reflexión social, e fomenta a sensibilización dos cidadáns a través da imaxe.

Páxinas 10/11

As terrazas dos establecementos hostaleiros de Oleiros, lucen imaxe unificada.

Desde que entrou en vigor a Ordenanza, o sector mantivo diversas xuntas co concelleiro de Turismo Antón Tenreiro para contribuír a mellorar a estética urbana, e en consecuencia, facer máis agradable o tempo de lecer.

Páxina 21

O PXOM recibíu 1.077 alegacións. Un Plan pensado para o conxunto dos cidadáns.

O concello analiza cada unha das alegacións, e terá en conta todas aquelas que se axusten á legalidade e ó sentido común.

O PXOM ten entre outras finalidades: corregir os problemas territoriais e previr os do futuro, utilizar racionalmente o territorio, planificar as infraestruturas e proxectar vías de comunicación, así como preservar os valores medioambientais para posibilitar o desenvolvemento socioeconómico equilibrado de Oleiros.

Páxinas 11/12/13/14/15/16

Como saber **ónde** está todo en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 2 e 23

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

•Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.211
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
C. Cul. As Torres Sta. Cruz	981 630 618
Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castelao,5	
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 638 869
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 582
Casa Charry	981 631 444
Centro Información Xuvenil	981 636 598
Casa de República. Rúa O Castelo. Oleiros	
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Pazo dos Vellos Arenaza	981 631 240
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618

Centros educativos

C. Form. Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Inf. Esquío / Dorneda	981 626 638
Escola Inf. A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Inf. O Vilar / Nos	981 664 257
Escola Inf. Vilanova / Nos	981 651 417
E. Inf. O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
E. Inf. O Castaño / Perillo	981 639 160
E. Inf. A Pardela / Os Regos	981 631 788
E. Inf. Río da Loba / Oleiros	981 611 544
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 638 903
I. María Casares / Bastiagueiro	981 626 344
C. Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
C. Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Ríaleda / Perillo	981 639 511
Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Servicios Varios

—Veterinarios	J. Arca 617591/Maianca
Santa Cruz 626310	J.A.Barros 626689/Dorneda
Gayacan 660335/Vilanova	J.Costa 635735/Sta.Cristina
Salud Animal 631651/Os Regos	A.Dominguez 661108/Nós
—Maquinaria de construción	Fonelec 662744/Nós
J.Barreiro 635474/Oleiros	C.Suárez 638400/Perillo
—Reparación coches e bicis	J.García 610339/Oleiros
J.Galán 610710/Oleiros	S.García 611079/O Carballo
—Fontanerías	F.J.Gruero 636092/Sta.Cruz
A.Taibo 614529/Sta.Cruz	M.C.López 637010/Sta.Cruz
A.Guillín 631567/Oleiros	A.Martínez 611317/Oleiros
	R.Mesias 660684/Nós
	J.Novo 908084450/Oleiros
	J.Pardo 631127/Dorneda

R.Pol 635325/Perillo	
—Instalacións eléctricas	
E.F.Orró 908584277/Mera	
R.Pol 635325/Perillo	
J.L.Rodríguez 626270/Dorneda	
A.Vian 637254-908584691 /Perillo	
—Albanería	
J.M.Alvarez 617788/Serantes	
A.Arevalo 617243/Dexo	
J.Bao 635617/Perillo	
A.Barreiro 617887/Maianca	

F.Beltrán 628373/Lorbé	
J.M.Blas 635811/Perillo	
J.Cagiao 626038/Sta.Cruz	
J.Cal 662449/Oleiros	
M.C.Carballo 631578/Nós	
Gomaño 666387/Oleiros	
O.Bravo 908586979/Sta.Cruz	
J.M.Fernández 614990/Arillo	
F.Fernández 636078/Perillo	
E.Fernández 636572/Perillo	
J.Fernández 614919/Dorneda	
J.Fernández	

617720/Dorneda	
L.Gacio 636587/Perillo	
A.García 618190/Serantes	
V.García 661448/Nós	
M.Ilanes 614356/Dorneda	
D.Lamas 631356/Oleiros	
A.Lastres 908586296/Dorneda	
A.López 617411/Mera	
J.D.López 626082/Sta.Cruz	
F.Mañana 615298/Arillo	
J.L.Martínez 636034/Perillo	
A.Mato 667682/Nós	
J.Mirón 618119/Mera	

V.Naya 617096/Mera	
M.Novo 610830/O Carballo	
A.Otero 631344/Oleiros	
J.Pampin 635920/Perillo	
J.L.Prego 626147/Dorneda	
J.A.Prieto 610181/Oleiros	
F.Recarey 617503/Oleiros	
J.M.Rodríguez 610746/O Carb.	
J.R.Sánchez 664599/Nós	
F.Sánchez 610779/Iñás	
L.Siso 617461/Mera	
M.Siso 617467/Mera	
R.Suárez 615239/Dorneda	
A.Sueiro 614849/Dorneda	

A.Uzal 908581521/Rialta	
M.Vallo 610812/Oleiros	
F.Vázquez 614927/Sta.Cruz	
M.Vidal 631015/O.Valiño	
M.Vieito 610060/Oleiros	
Construccions BROÑO 981617962/669386126/Mera	
—ATS-Fisoterapeutas	
M.Miranda 638633/Perillo	
J.L.Sánchez 638234/Perillo	
—Notarios	
R.Benzo 611506/Oleiros	

—Herboristerías	
La Fresa Silvestre 637118/Perillo	
—Masaxes-SPA	
Aqua de Sta.Cristina 637303/Perillo	
—Seguridade laboral	
Álvaro Viso 638214/Perillo	
—Clínicas Dentales	
Mª Victoria Morteo García Av. Che Guevara nº 59-1ªE 636459/Perillo	

Por favor, se detecta algún erro ou carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalo.

Transportes

TAXI a domicilio: 981 651 111

Horarios Cal Pita

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables 6,45-6,55-7,10-7,25-7,35-7,45 a 21 cada 15' - 21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' - 21,30 a 22,30 cada 30' Sábados Ida 7,10-7,40-8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30' Dom+fest Ida 7,10-7,40-8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora. Volta 7,35 a 22,35 cada hora Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora. Volta 8,35 a 20,35 cada hora Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora. Volta 10,35 a 20,35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7,05. Volta 7,30 Sábados Ida 8,05-14,05. Volta 8,30-14,30 Dom+fest Ida 10,05-14,05. Volta 10,30-14,30.
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16,05. Volta 16,35 Sábados Ida 16,05-19,05. Volta 16,35-19,35 Dom+fest Ida 16,05-19,05. Volta 16,35-19,35.
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6,55 a 20,55 cada hora-último ás 22. Volta 6,55 a 21,55 cada hora Sábados Ida 6,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 7,55 a 21,55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8,55-10,55-13,05-14,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 9,55 a 21,55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6,25 a 21,25 cada hora. Volta 6,25 a 21,25 cada hora Sábados Ida 6,25-8,25 a 20,55 cada hora-Último ás 22. Volta 7,25 a 21,25 cada hora Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 cada hora-Último ás 22. Volta 8,25 a 21,25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6,50-7,10-13,05- de 7,40 a 20,40 cada hora-De 8 a 12 cada hora-De 14 a 20 cada hora-Último ás 22. Volta 7,10 a 21,10 cada hora-De 7,30 a 19,30 cada hora-20,50-22,30 Sábados Ida 8,50-9,40 a 20,40 cada hora. Volta 9,10 a 21,10 cada hora Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 10,10 a 21,10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8h - a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40 - a Soñeiro 20,40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13,10. Volta de Soñeiro 13,50 Sábados Ida a Oleiros 11-21,10. Volta de Oleiros 11,30-21,45 Dom+fest Ida a Oleiros 10,20 e 13,10. Volta de Oleiros 10,45-13,35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10,30 a 21,30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 cada hora Volta 10,50 a 20,50 cada hora

“Fío aberto”

**981 631 078
981 610 000**

en **RADIOLEIROS** 101.5 FM

Converse co Alcalde, plantexe aclare as dúbidas, plante os problemas

Tódolos xoves ás 14,00 horas, en Radio Oleiros.

Farmacias de guardia: Páxina 23



Alternativa dos veciños

O PLAN XERAL

O Concello de Oleiros debe gran parte do creto do que goza a unha seria e coherente planificación urbanística que dende hai dúas décadas se leva aplicando sobre o territorio municipal.

Cando aprobámos o primeiro Plan Xeral, no ano 1984, foron moitas as persoas que non entendían por qué non se permitía construír en diversas zonas do Concello, crían que se trataba dun capricho ou unha maldade persoal dos que gobernábamos. Non entendían, nin querían comprender, que a planificación ó amparo das leis urbanísticas, era unha

necesidade imperiosa para parar a degradación e o caos urbanístico do noso bello Concello e para garantir un futuro de calidade.

Foron moitos os veciños que, non vendo complacidas as súas demandas ou ambicións persoais, xaleados por unha oposición irresponsable e clientelista, nos deron a espalda, chegando en moitos casos, a orixinar odio persoal hacia algúns dos que tiñamos a responsabilidade do Goberno, e facéndonos pagar un alto e inxusto custe político nas furnas.

Somos conscientes de que na

actualidade, moitas de aquelas persoas ou familias "afectadas" son uns dos maiores defensores da singularidade de Oleiros. Una vez máis cúmprese os ditos: "O tempo da ou quita a razón" e "O tempo pon a cada un no seu sitio".

Estamos coa elaboración dun novo Plan Urbanístico para seguir garantindo o crecemento ordeado dos próximos 10 anos e incentivar o progreso económico e social de Oleiros.

Somos conscientes de que moitos cidadáns, por distintas razóns, non nos comprenderan, pero queremos que lles conste

que o estamos a facer coa mellor vontade, e tentado ser xustos e coherentes. Estudaremos as alegacións e analizáremolas con rigorosidade, o que si lles podemos adiantar é, que todas aquelas que non se axusten ás leis ou contradigan os criterios urbanísticos deseñados, serán desestimadas.

O futuro do Concello está por riba das ambicións persoais, e cóstanos que a meirande parte dos cidadáns oleirenses apostan pola calidade e non pola cantidade.



Unha vez máis o Grupo Municipal Popular desestimou a invitación de comunicarse cos lectores de "Vivir en Oleiros" realizada pola Alcaldía, tal como demostra esta carta do Gabinete de Comunicación do Concello e recibida polo Grupo.

Lamentamos non poder ofrecerlles esta estimada colaboración.



Grupo Municipal Socialista

Galicia y Oleiros votan cambio

El PSdeG-PSOE de Oleiros demanda transparencia, rigor y equidad en la revisión del Plan de Urbanismo

Las últimas elecciones autonómicas dejaron constancia de que Oleiros quiere que un soplo de aire fresco llegue a Galicia. El 58,2% de los electores optaron por el cambio en la Xunta.

El PSdeG-PSOE lidera esa marea del cambio con unos porcentajes históricos en nuestro municipio donde 5.892 votantes, más del 36%, apostaron por Emilio Pérez Touriño como Presidente de la Xunta de Galicia.

Los Socialistas de Oleiros nos sentimos

orgullosos de estos resultados y nos comprometemos a seguir trabajando para que ese cambio fructifique en una política de transparencia y modernidad para nuestro ayuntamiento y Galicia entera.

Nos comprometemos a estar al lado de nuestros vecinos, de vosotros. Escuchar vuestras propuestas, vuestras necesidades, las aspiraciones de cada uno de vosotros, y nos ponemos a vuestra disposición para todo aquello en que podamos ayudar; para ello contamos además con la afectuosa

colaboración de Francisco Cerviño, presidente de los socialistas oleirenses, que nuevamente será miembro del Parlamento de Galicia y un pilar fundamental de la nueva mayoría de progreso.

Centrándonos en la política municipal, los socialistas de Oleiros hemos explicado en todas las parroquias del municipio la revisión del Plan de Urbanismo. Los vecinos han presentado más de 1000 alegaciones. Ahora exigimos al gobierno municipal la

revisión de las mismas con criterios de transparencia, rigor y equidad, con la participación de todas las fuerzas políticas con representación municipal. Los socialistas nos ofrecemos a colaborar en la elaboración de un Plan que garantice calidad de vida, equipamientos, comunicaciones y en el que todos sean tratados con justicia.

Gracias Oleiros. Vuestro apoyo nos compromete.



Bloque Nacionalista Galego / Isaac Rebolo Osorio. Responsabel Local do BNG de Oleiros

UN PAÍS NOVO

A cidadanía galega falou o pasado 19 de Xuño; ese día transmitiu unha mensaxe moi clara ... o noso país necesita un novo pulo, necesita poñer fin a 15 anos de goberno de Fraga Iribarne, rematar co esquecemento ao que se nos somete e que sexamos capaces de decidir por nós mesmos nos temas que nos afectan, necesita, en definitiva, unha nova forma de gobernar. Galiza necesitaba mandar ao Partido Popular á oposición. Galiza necesitaba un cambio de goberno para que unha nova xeración de galegas/os

que cren no traballo honrado para o seu país poda ao fin demostrar que temos capacidade sobrada para facer deste un país moderno e con futuro e no que o diñeiro que nos producimos se invista en nós e no noso desenrolo. Mais este cambio non pode ser unicamente un cambio de caras senón que ten que ser un cambio real. Queremos que desaparezan as políticas clientelares que só benefician a uns poucos, queremos erradicar a grande lacra do caciquismo que aínda sofre gran


parte da cidadanía. Para o BNG ese cambio ten que servir para que a nosa xente nova teña unha oportunidade de traballo na súa propia terra e non teña que emigrar para poder vivir, ten que servir para dotar de máis medios ao noso servizo público de saúde para que poda así dar unha boa cobertura a todo o que a necesite, ten que servir para conseguir un ensino galego, público e de calidade... hai moito traballo por diante nos vindeiros anos. Por todo isto desde o BNG queremos que o acordo

de goberno sente as bases que fagan posíbel levar adiante as políticas necesarias para transformar o noso país e que fixe tamén o eixos fundamentais das liñas de actuación do futuro goberno galego.

Ábrese así unha nova época após o día 19, unha época ilusionante na que o BNG vai aceptar o convite das/os galegas/os para traballar por Galiza e así poder construír un País Novo.

Máis obras contratadas polo concello ▼

■ *Son varias as obras contratadas no concello que están en marcha xa. Obras que implican en moitos casos a mellora das actuais infraestructuras, saneamento e alumeados, e noutros, actuacións de grande importancia que reverterán nun maior servizo ós oleirenses en canto ó seu benestar social e mellor desfrute destes servizos, tal é o caso da piscina de Oleiros. Contéplanse tamén obras que implican o sentar as bases para un maior desenvolvemento económico, caso dos Polígonos da Barreira e de Iñás.*



Descrición	Investimento
■ Nova piscina en Oleiros	1.555.876 €
■ Estudio e Planificación do sistema de saneamento de Oleiros	54.830,86 €
■ Prolongación da rede de auga na rúa da Proba, en Dorneda	15.173,04 €
■ Urbanización do Polígono A Barreira en Perillo	1.797.219,90 €
■ Urbanización do Polígono comercial de Iñás	6.323.211,70 €
■ Ascensor Exterior na Casa do Pobo de Perillo	57.338,82 €
■ Renovación dun tramo do colector de saneamento na Avda. Isaac Díaz Pardo en Liás	37.196 €
■ Saneamento e abastecemento de auga en Coroto, Nós	40.000 €
■ Novos alumeados públicos na Rúa do Pazo de Miraflores, rúa Cruceiro e rúa Condús en Oleiros, e a rúa de Mandín en Iñás	55.000 €
■ Acondicionamento do baixo-cuberta da Casa do Concello	211.289,09 €
■ Adecuación do Porto de Dexo	111.779,79 €
■ Acondicionamento baixo-cuberta do local social de Dexo	26.190,61 €
■ Pavimentación de rúas: continuamos con obras en rúas como Pazo do Río e O Sendeiro en Montrove, e a Río do Couto en Dorneda	É un contrato en execución do ano pasado
■ Ampliación da Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz	47.000 €



**Cada cousa no seu sitio,
e un sitio para cada cousa**

**Gostaríanos que un fillo xogase coas
bolsas de lixo que non se verten nos
correspondentes contedores?**

**Para evitalo, empregue
axeitadamente os contedores.**

Polo ben de tod@s

Cursos Formación Ocupacional Formarse para traballar

■ 15 cociñeiros, 15 escaiolistas e 15 pintores, serán os profesionais que saian do Centro Municipal de Formación ó remataren os respectivos cursos que dende abril e maio, veñen facendo estes 45 alumnos que cumprirán a súa formación nos meses de outubro (o de pintor) e novembro (escaiola e cociña). Estes cursos de formación ocupacional foran solicitados polo concello, e concedidos pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

◆ Para lograren o obxectivo de acadar o título correspondente, os alumnos de cociña terán que pasar 1.060 horas de clases, que comezaron o 19 de abril e rematarán o 24 de novembro. Os de escaiola, aprenderán o oficio durante 900 horas distribuídas dende o 2 de maio ó 25 de novembro, e os pintores investirán 620 horas en coñecer a profesión, que comezaron a contar o 2 de maio e rematarán o 10 de outubro.

Tamén foron solicitados os cursos de ebanista (820 horas), fontaneiro (750 horas), pasteleiro (480), impresor de serigrafía (560), albanel (1.020 horas), ofimática (145), xardiñeiro (550) e carpinteiro (780 horas).



Comezan os cursos de pastelería e serigrafía

◆ Dous novos cursos de Formación Profesional serán impartidos no Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo". Trátase dos cursos de Impresor de Serigrafía e de Pastelería, e están dirixidos a demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego.

No caso do de Impresión de Serigrafía, a duración do curso será de 560 horas, comezou o 11 de xullo e rematará o 23 de novembro, en horario de 8 da mañá a 14,00 hs da tarde.

No caso do curso de Pastelería, o curso comezou o 11 de xullo e rematará o 25 de novembro. Serán 480 distribuídas en horario de 16,00 a 21,00 horas da tarde.

O que pasou coa Escola Obradoiro do Castelo de Sta Cruz



◆ O Concello de Oleiros renunciou á Escola Obradoiro concedida para restaurar as murallas do Castelo de Santa Cruz e o seu contorno. A delegada da Consellería de Asuntos Sociais impuxo a selección das 30 prazas de alumnos e alumnas que conformarían o curso, na que a meirande parte deles son persoas que non reúnen os requisitos para acometer o traballo obxecto desta Escola e que deberían incluírse en programas de Servizos Sociais. Sen embargo, si reunían outros requisitos: foron persoas que distribuíron a propaganda electoral do PP e pegaron os carteis nas marquesiñas municipais. Esta delegada pretendía que cos cuartos públicos da Comunidade Europea pagásemos en Oleiros os favores do PP, a pesar de que ata agora, as relacións coa Xunta foran fluídas neste e noutros tipos de xestións.

A anterior delegada, caciquil e clientelista

◆ O alcalde insistiu ante a delegada da Consellería de Asuntos Sociais en varias ocasións en chegar a un acordo racional e conformar unha lista de 30 persoas –aunque o

concello pedira en principio 60- co perfil axeitado para o traballo a realizar. Sen embargo, a meirande parte desas 30 persoas, agás 9 ou 10, carecen de cualidades físicas para afrontar o traballo requirido. O baremo e a interpretación que os técnicos da Xunta de Galicia deron á normativa que rexe nestes casos, primou uns criterios errados, no lugar de primar o perfil de aptitude física e profesional axeitada. De aí que os técnicos que representaban ó concello non asinasen o acordo manifestando a súa total oposición ó criterio utilizado.

Chama a atención que, sen que houbo unha lista consensuada e definitiva, dous días antes das pasadas eleccións, os membros desa lista 'amigos' do PP, xa sabían que estaban admitidos. Iso significa que se practicou clientelismo, caciquismo e de todo, menos transparencia no proceso de selección. A Escola debería entrar en funcionamento antes do 30 de xuño. Ó non ser así, perdéronse os fondos comunitarios destinados á mesma.

A axuda da Xunta

◆ A costa dos fondos europeos, a Xunta concedera 536.000 euros, aportando o concello outros 80.000. O que daba a Xunta só chegaba para pagar as nóminas dos soldos que, curiosamente, neste caso foron moito máis altas que nas Escolas anteriores, nas que cobraban os alumnos o soldo base –pouco máis de 60.000 das vellas pesetas; nesta ocasión estipularon salarios de 130.000 pesetas, 781 euros, chegando incluso algúns ós 1.200 e 1.500 euros.

300 alumnos participaron nos cursos de educación vial

◆ Arredor de 300 alumnos participaron nos cursos de Educación Vial que organizou o concello, en colaboración co Instituto Mapfre de Educación Vial, con quen se asinou un convenio o pasado ano. As concellerías implicadas son as de Ensino, Xuventude e Réxime Interior. As clases foron impartidas por membros do Corpo da Policía Local de Oleiros coordinados polo Cabo da Unidade de Tráfico. Participaron os centros educativos María Casares de Bastiagueiro, Xosé Neira Vilas de Perillo e o Miraflores de Oleiros, e foron dirixidos ós alumnos de 4º da ESO e de 1º de Bacharelato destes Institutos.

No curso falouse dos elementos que interveñen no tráfico, o concepto de vías públicas, as sinais, as normas de circulación, o ciclomotor e os requisitos para circular con el, os sistemas de seguridade activa e pasiva, a importancia do uso do casco, o comportamento en caso de accidente, e os efectos do consumo de alcohol e drogas na conducción.



Educación dos máis novos, usuarios máis habituais das motos e as bicis, é unha medida contemplada polo Goberno Municipal como fundamental, de cara a reducir o índice de accidentes aos que este colectivo está exposto.

Este curso estenderase o ano que ven a outros colectivos, como o dos nosos maiores, cun programa que contemple as necesidades de cada grupo.



A limpeza diaria das praias durará ata o 30 de setembro

◆ O Concello de Oleiros puxo xa en marcha todo o dispositivo de limpeza das praias e as súas zonas de influencia, desde o 1 de xuño e ata o 30 de setembro. Contratouse unha empresa para a limpeza mecánica e a oxixenación dos areais, ademais dos traballadores para a limpeza manual das zonas de influencia, persoal que vai ser reforzado por outro enviado a consecuencia dos convenios asinados con outras administracións.

As praias afectadas por esta medida son a de Sta. Cristina, Bastiagueiro, Sta. Cruz, Naval, Mera, Penatouro e Espiñeiro

Para un maior servizo:

- ▶ Inodoros químicos en tódalas praias. As de Sta Cristina, Bastiagueiro e Mera terán acceso ós minusválidos
- ▶ Postos de venda de xeados e refrescos
- ▶ Duchas e lavapés



aquí,
aquí,

paseamos tod@s desfrutamos tod@s

se levas obxectos de desfeito á praia,
unha vez usado botao no contedor.

- ▶ A obriga do concello é limpar as praias.
- ▶ A obriga dos usuarios, é non manchalas.

7 novos axentes e 2 novos vehículos para a Policía Local

■ Este verán o Concello conta xa cós 7 novos axentes do cadro de persoal da Policía Local. Despois de estar 6 meses no Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, estes axentes fan no verán as súas prácticas para poder acceder ás prazas como funcionarios de carreira.

◆ Esta medida reforza o servizo de vixilancia, control, información e demais materias que son competencia deste corpo. Ao reforzo humano súmase o reforzo en medios materiais coa chegada de 2 novos vehículos policiais que incrementan o parque móbil do departamento.

Para acompañar este crecemento de persoal, o seu control e supervisión, realizouse o proceso selectivo de tres novas prazas de Cabos e a de Suboficial da Policía Local.



No último ano, o concello fixo un grande esforzo económico para dotar de material axeitado e convintemente equipado ó corpo da Policía Local, que unido ao incremento de persoal, tradúcese nunha importante mellora na prestación do servizo público.

Socorristas para as praias e dispositivo de vixilancia



◆ A mellora do servizo público ós usuarios das praias, é un feito en Oleiros. Este ano contratáronse socorristas que prestan o servizo que ata agora viña sendo realizado por voluntarios da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil. Ademais, dúas novas casetas de salvamento para as praias de Bastiagueiro e Mera, complementan esta mellora na atención ós usuarios.

Unha media de catro socorristas atenden as praias, xunto cun diplomado universitario en enfermeiría (DUE), que forman parte da atención cotiá de cada praia, anque o persoal oscila en función do estado do tempo e do número de usuarios de cada praia.

Embarcacións e material de salvamento e enfermeiría, vehículos de apoio, sistemas de comunicacións, megafonía e outros elementos axudan a unha maior atención pública ós veciños e visitantes das praias oleirenses.

O persoal está coordinado e o traballo é supervisado por responsabéis municipais de Protección Civil de Oleiros

Ademais do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do termo municipal, o Goberno estableceu un dispositivo de vixilancia e información nas zonas peonís de Bastiagueiro, que está encargado de vixiar e controlar que os vehículos non accedan ao parque e zonas restrinxidas ao tráfico rodado

“FeiraMusic”, o programa das músicas do mundo, tódolos xoves ás 13,00 e ás 21,00 hs, en Radio Oleiros

Música étnica, a cultura da música... Ningún recuncho do mundo sen explorar a través da súa música, con Suso Alonso.

ENTRA NA DIVERSIDADE CULTURAL
A TRAVÉS DA MÚSICA



Alfaroleiros, as cores da terra ▼

Do 4 ó 7 de Agosto, no Parque Luis Seoane



◆ Son xa once os anos que Oleiros leva organizando esta Feira de Alfareiría Popular Española, "Alfaroleiros", que xa se sitúa entre as mellores feiras dentro do seu sector, no estado español. Cada ano medra o número de expositores. Cada ano medran os lugares de procedencia dos artistas do barro: Zamora, Zaragoza, Lugo, Cáceres, Toledo, Almería, Córdoba, Gundivós en Lugo, Buño na Coruña, Segovia, Logroño, Granada, Asturias, Ourense, Cuenca, Pontevedra, Salamanca, Jaén...

Os artesáns acoden á chamada do mercado oleirense, á chamada do Parque Luis Seoane, que continúa sendo o escenario que acolle esta mostra consolidada a nivel galego e estatal. Coma sempre, unha visita ó singular Museo dos Oleiros, complementará este evento que atrae a milleiros de persoas do contorno do concello e doutras partes de Galicia, e que permite ós asistentes desfrutar dunha mostra de alfareiría única en Europa.



Ademais dos artesáns que estarán este ano ofrecendo as súas obras tanto expositivamente como no mercado, desfrutaremos de actuacións:

- Xoves día 4, ás 22,30, o grupo ourensá Lamatumbá, que fai música étnica, reggae, samba, rumba, rock...
- Venres día 5, ás 22,30 hs, será Susana Seivane quen ofrezca o seu concerto

- Sábado 6 de agosto, ás 22,30 hs, o grupo Sondeseu

- Domingo día 7 actuarán:
ás 13,00 horas, a Banda Infantil da Baña
ás 19,30 horas, a Banda de Gaitas de Frouma
ás 21,00 horas, a orquestra canaria Combo Dominicano

As nosas festas populares ▼

◆ No verán soan tambores de Festa. En Oleiros, ó igual ca no resto de Galicia, son moitas as festas populares que se celebran en diferentes parroquias. Festas nas que, por certo, é de eloxiar a entrega que as distintas Comsións traballan arreo para lograr confeccionar uns programas que divirtan e entreteñan ós veciños e veciñas de tódalas idades.

◆ As festas que restan por disfrutar nas distintas parroquias, e ás que non está demais acudir dende calquera punto do concello, son:

Festas de Santa María en Oleiros: do 12 ó 17 de agosto. As orquestras amenizarán o encontro os días 15, 16 e 17.


**Festas da Cabeza en Perillo:
Do 2 ó 4 de Setembro.**

**Festas do Carmen, en Mera:
do 22 ó 24 de Xullo.**

**Festas en Lorbé:
do 4 ó 7 de Agosto.**

**Festas de Santa Ana, en Mera:
do 25 ó 27 de Xullo.**

**Festas de Santa Cruz:
do 20 ó 23 de Agosto.**



As actividades deste verán

◆ Como cada ano, o verán en Oleiros non pasa desapercibido para os máis pequenos, nin para os que xa non son tan nenos. Porque o Organismo Autónomo Municipal de Cultura ten organizada unha ampla programación de actividades que abranguen a tódalas idades, para que o verán siga sendo especial, e aporte novas experiencias ós rapaces e rapazas que participan delas. Campamentos, minicampamentos, excursións, hortas no verán, 'algo juapo'... e obradoiros. Algo de todo, para investir o tempo divertíndose e, por qué non, aprendendo sempre algo novo. Estas actividades teñen un custe para o concello de 25.491 euros.


Campamentos

◆ Para cativos de entre 3 e 6 anos, hai minicampamentos ata o mes de setembro. Un no Castelo en Santa Cruz, outro, O Alfar, do 28 ó 29 de xullo; o dos Picariños en Mera é do 10 ó 12 de agosto, e o dos Golfiños, tamén en Mera, do 29 de agosto ó 2 de setembro.

Os rapaces de entre 7 e 10 anos, acampan do 11 ó 15 de agosto no Bañil en Sta Cruz, e no Morro de Canide do 1 ó 5 de agosto.

Excursións

◆ Tamén para os rapaces de 7 a 10 anos, haberá unha excursión a Alvarella en Vilarmaior, do 24 ó 26 de agosto, e os que teñen entre 11 e 14 anos, haberá excursión ó monte Aloia nas Rías Baixas, do 18 ó 22 de xullo, e a Oscos en Asturias, do 15 ó 19 de agosto.



Hortas de verán

◆ Non faltarán as Hortas de Verán que tanto gustan ós máis cativos. Preténdese con elas dar continuidade ás hortas escolares que se cultivan durante o curso escolar, pero en xullo e agosto, celebraranse nas escolas de As Galeras e A Pardela.

Algo 'juapo'

◆ Para rematar o verán, qué menos que celebrar unha 'festa juapa', e baixo este título, "algo juapo". Faranse unhas xornadas de convivencia entre tódolos participantes dos campamentos e excursións: tarde de merenda, e unha festa moi san. Para os rapaces dos campamentos, será o 17 de setembro e para os das excursións, o día 24 de setembro.

■ Divertirse, colaborar nas montaxes dos campamentos

■ Fomentar o principio de convivencia e respecto mutuo coas actividades de grupo

■ Achegarse ó coñecemento do entorno próximo


■ Promover actitudes de conservación e respecto polo medio ambiente

Oleiros, un concello que “Revela” ▼

“Revela” atraeu a Oleiros a milleiros de persoas de todo o país

■ Os traballos de fotorreportaxe que marcaron a temática da segunda edición deste Foro, xa chegaron de distintas partes de Galicia, do estado e do mundo. O xurado, tivo que seleccionar un deles, seguindo os criterios marcados nas Bases establecidas neste Foro internacional.

◆ Oleiros viviu desde 24 de xuño ó 15 de xullo, unha experiencia única que atraeu a atención dos oleirenses, pero tamén de milleiros de visitantes que se sentiron chamados por esta singular iniciativa coa que, unha vez máis, o concello quixo chamar a atención dos cidadáns sobre a realidade, a cruel realidade, que vive este mundo desigual. Chamar á reflexión a través da imaxe, desa imaxe que non reflicte nada que non sexa certo, verídico, e que acontece ó noso lado, en calquera recuncho do mundo que habitamos e que é, en definitiva, a patria de todos.



Oleiros converteu o Luís Seoane e o José Martí, nun centro de exposicións aberto ó mundo

◆ “La diáspora palestina” é o título do traballo presentado polo catalán Alfonso Moral Rodríguez, elixido polo Xurado do Certame “Revela” na súa xunta do pasado 30 de xuño. O interese social e fotográfico deste traballo, a seriedade no plantexamento, a importancia do tema e a orixinalidade no tratamento fotográfico, foron elementos básicos á hora de elixir o proxecto. O acordo foi tomado por unanimidade do Xurado, integrado polo alcalde de Oleiros en calidade de Presidente, Ángel García Seoane, o director de “Revela”, Xosé Abad, o director da Revista Foto, Manuel López; os fotógrafos Juan Medina, Fernando García Arévalo, e o profesor da Universidade da Coruña Pedro Vega Marcote. Tamén por unanimidade, acordaron seleccionar como finalistas os proxectos titulados “La sala de espera de Europa”, de Sergi Cámara Loscos, vallisoletano afincado en Catalunya, e “Diego García”, do coruñés Martín Pena Vázquez, traballos seleccionados pola súa calidade, relevancia e orixinalidade.

“Territorios en conflicto”, será o tema sobre o que se centrará o REVELA 2006

Un Plan Xeral, pensado para tódolos oleirenses

■ A elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal ten que buscar entre os seus fins, o desenvolvemento socioeconómico equilibrado do concello. Ten que procurar a mellora da calidade de vida dos oleirenses. Debe corrixir os problemas territoriais e previr os problemas de futuro.



Era preciso modificar o PXOM que rexía ata agora, porque:

■ era necesaria unha nova planificación vial

■ pola dotación de novos servizos e equipamentos acordos coas necesidades da poboación que reside en Oleiros

■ cumpría protexer as zonas sensibles do concello, como as costas, os humedais ou os parques

■ porque cumpría garantir un futuro a 15 anos vista de ordenación do territorio, seguindo as liñas estipuladas xa no 1º PXOM, pechando as portas á futuras especulacións e degradación do territorio

■ porque era preciso construír novas infraestruturas que desen vida ó concello, tanto turística como comercialmente: o desenvolvemento económico de Oleiros, ten que ser un dos obxectivos na elaboración do Plan

■ facíase necesario subsanar os erros detectados no planeamento existente, que prexudicaban a infinidade de veciños

■ era importante axustar o PXOM ás leis que dende 1996 se acordaron polos distintos Parlamentos Autonómicos e Nacionais, en relación cos planeamentos urbanísticos.


Utilizar racionalmente o territorio. Ser homoxéneo e funcional. Planificar as infraestruturas, os equipamentos colectivos, a xestión medioambiental e os sectores económicos.

◆ O PXOM contempla a creación de novos viais que posibiliten un desprazamento áxil polas distintas zonas do concello e liberan de perigos e incomodidades ós habitantes que viven nos núcleos principais de poboación. Destacan entre outras as travesías por fóra dos núcleos, prevíndose na maior parte dos casos que os solos que van ocupar estas vías, sexan compensados ós seus propietarios a través dos distintos Plans Parciais Urbanísticos.

◆ No caso da Vía Ártabra, a ampliación da N-VI ou as rotondas de Santa Cruz, Solymar, etc, os organismos que as executarán xa teñen previsto a compra dos terreos. No caso de non haber consenso na compra, o sistema legal a aplicar sería o de expropiación. No caso das vivendas que sexa preciso afectar polas futuras obras da Vía Ártabra, o concello brindará á Comunidade Autónoma a súa colaboración para lograr o novo emprazamento, pagando un prezo xusto ós propietarios dos inmobles afectados.

◆ Un dos obxectivos perseguidos co PXOM era o estudo viario do concello, tema este que está sendo dos máis contestados polos propietarios de solo a vulgar polas alegacións recibidas. Pero cómpre lembrar que non pode haber crecemento urbanístico sen garantir as suficientes vías de tránsito e coa anchura debida.

Actuacións Viarias Proxectadas P.X.O.M.



▶ Vía Ártabra

Trátase dunha nova vía que xa se está proxectando e que enlazará a autovía A-6 e a autoestrada AP-9 con Oleiros e Sada. Discorre pola dorsal entre os dous concellos e chega ata o Porto de Lorbé. No noso termo municipal dará acceso ás parroquias de Iñás, Oleiros, Dorneda, Maianca, Serantes e Dexo.

▶ Circunvalación de Oleiros

Parte da Vía Ártabra en Saltoxo e bordea o núcleo de Oleiros ata A Pezoca e A Barreira.

▶ Circunvalación de Perillo

A metade xa está construída, dende a Avenida Valle-Inclán ata a rotonda da Nirvana. A outra metade está en obras. Toda ela comunica Bastiagueiro coa N-VI sen ter que pasar polo Pasaxe.

▶ Vial A Veiga AP-9

Este vial ten por obxecto comunicar a N-VI coa autoestrada sen pasar pola Costa da Tapia. Vai desde o río da Veiga ata o peaxe da Barcala.

▶ Vial O Graxal-Romardeiro

É un vial de penetración a medias entre a estrada de Bastiagueiro e a Vía Ártabra que une a N-VI e Santa Cruz, co obxecto de desconxestionar a estrada de Bastiagueiro. Conecta en Romardeiro coa circunvalación de Santa Cruz e chega ata o viaducto existente no Graxal.

▶ Circunvalación de Santa Cruz

Discorre dende Romardeiro ata As Camposeiras pola Ferrala e a Gaiteira.

▶ Novo vial do Campo de Golf

É un novo vial paralelo á estrada de Meirás dende Os Tornos ata Franzomel.

▶ Variante de Arillo

Comunica dende o Cemiterio de Dorneda ata Lourido Pequeno, en Dorneda.

▶ Circunvalación de Mera

Discorre dende Canide por detrás da Lagoa de Mera ata a Igrexa de Serantes e ata Xoés. Evita o tráfico cara Xoés, Agra, Lorbé ou Sada, pola fachada marítima de Mera.

▶ Circunvalación de Lorbé

Conecta a Agra de Aba co Couto de Lorbé e o enlace da Vía Ártabra.

As novas Vías en Oleiros

■ *Un dos aspectos máis importantes da planificación dos futuros vias establecidos no PXOM, é a súa contribución fundamental ó desenvolvemento económico de Oleiros.*

Sen infraestructuras, non hai futuro

◆ O crecemento poboacional e urbanístico do territorio, esixe a dotación das infraestructuras vias necesarias para o uso público. As estradas son imprescindibles, e estas, hai que construílas na terra, non no espacio. É tan inevitable que a súa construción afecte a uns máis cá outros como inevitable é a necesidade en si de crealas, se queremos ter uns servizos áxiles, fluídos, cómodos e eficaces, e sobre todo, ó servizo de todos. Non é concebible o desenvolvemento económico sen vías de comunicación que cubran as necesidades tanto dos veciños como dos sectores que dinamizan a economía social.

◆ O concello, de tódolos xeitos, estudará tódalas alegacións para analizar se é posible axustar en determinados casos, para entorpecer ou lesionar o menos posible os intereses particulares. Pero o que está claro é que o obxectivo final, é defender os intereses colectivos.

Non tódolos vias son iguais

◆ Existen vias de deseño local e de futura construción municipal a través do desenvolvemento do planeamento; pero tamén hai vias que son autonómicas, como é o caso da Vía Ártabra; e vias estatais, como pode ser o caso da N-VI, na que o Ministerio de Fomento prevé unha ampliación de carrís.

◆ Os anchos dos vias, pois, veñen impostos pola lei e polos organismos responsables de executala. As novas vías que teñen que priorizarse reflíctense neste plano que reproducimos, e servirán a tódolos oleirenses para conectar os vias existentes co fin de axilizar e dar maior fluidez ó tráfico. Diso, beneficiámonos todos.

ZONA DE COSTAS

● **A ampliación feita pola Xunta de Galicia, sen criterio de ningún tipo, non diferenciando os núcleos consolidados con servizos e vivendas das zonas libres de todo tipo de construción, e que por lóxica si deben ser protexidas, está a carrexar graves consecuencias tanto presentes como futuras ós veciños afectados por esta nova delimitación, como son os casos da zona alta de Xoés, gran parte do territorio emprazado entre Agueira e Breixo, O Seixo na Ría da Pasaxe, o Polígono contínuo ás Galeras en Bastiagueiro, ou algunha zona do pobo de Lorbé.**

Anteriormente, coa Lei do Estado de 1988 que rexe en todo o país agás en Galicia, a distancia era de 20 metros en urbano e de 100 en rústico. Coa nova Lei do Solo de Galicia, a distancia convértese en 200 metros dende o deslinde marítimo terrestre hacia o interior. Os concellos non teñen competencia algunha en relación ós deslindes nin ás distancias a aplicar, polo tanto, tódalas alegacións que estean inmersas nos ámbitos impostos polas Administracións devanditas, non poderán ser afectadas.

As alegacións

● Das alegacións presentadas, a meirande parte xiran sobre peticións de incremento de aproveitamentos urbanísticos e sobre as minoracións de metros cadrados por parcela. O espírito do PXOM neste sentido, é o de recualificar tódolos solos que nos últimos anos foron dotados de servizos urbanos como solos urbanos de baixa densidade, para facilitar ós oleiros que viven nos 92 núcleos de poboación a construción de futuras vivendas para a unidade familiar.

Atópase tamén o concello con que máis do 50% das alegacións presentadas, unha vez obtida a recualificación da súa finca, na meirande parte dos casos preténdese que esta sirva para facer varias vivendas, e non só a posibilidade de facer vivenda propia.

O Goberno Municipal, na Regulación das Ordenanzas que existían, aplicou unha substancial mellora en beneficio dos propietarios do solo respecto á Ordenanza 2C –que son as parcelas para vivenda unifamiliar en baixo-piso e baixocuberta en parcela de 1.000 m² e separación de 3 metros en lindeiros: anteriormente, eran precisos 1.500 metros cadrados e había que separar 5 metros en lindeiros. Cre o Goberno Municipal que con esta mellora, beneficiábase a unha cantidade importante de propietarios do solo no concello.

Así mesmo, cara á aprobación provisional que se fará en outubro, incrementarase do 0,10 ó 0,15 % o volume de construción, como unha mellora máis desta Ordenanza.

● *No PXOM hai erros de alineacións onde non se respecta o ancho regular na lonxitude do vial, senón que aparecen estreitamentos e anchuras irregulares, pero que serán modificadas polo propio concello na aprobación provisional. Curiosamente, estes erros non son mostra de preocupación nas alegacións recibidas.*

■ O PXOM busca o equilibrio territorial e humano, e garante un crecemento ordenado. Debe xestionar responsablemente os recursos naturais e a protección medioambiental

◆ Outro grupo importante de alegacións refírese a que, estando as parcelas inmediatas limítrofes con solos urbanos, estas poidan cualificarse como tais por ter ou estar a realizarse os servizos urbanísticos correspondentes. Nestes casos, analizarase cada unha das alegacións, e as que se reúnan as condicións, serán estimadas, rexeitándose aquelas outras que falan de proximidade pero que carecen de servizos, e están emprazadas en bolsas de solo sen fronteiras á vías públicas, ou enclavadas en zonas húmidas ou protexidas medioambientalmente.

Aquelas propostas feitas por colectivos veciñais que, conscientes de que o seu solo non pode ser urbano, e que están nas proximidades dos núcleos tradicionais e demandan a posibilidade de creación de SUNPs (solo urbanizable), estudarase a posibilidade de incluílas como tais, sempre e cando os ámbitos se axusten ás directrices da Lei do Solo de Galicia.


Na zona de costas, anteriormente, coa Lei do Estado de 1988, a obrigaion de afastamento desta era de 100 metros. Actualmente, coa Lei do Solo de Galicia, é de 200 metros dende a liña marítima terrestre cara ó interior.

◆ Derivado das políticas delictivas e clientelares que se fan nalgúns lugares de Galicia confundindo e desinformando á cidadanía, son moitas as alegacións que se presentaron e que solicitan a súa exclusión das citadas zonas, crendo que o concello pode facer e desfacer ó seu antollo. Nas zona de costas, as competencias son do estado e das autonomías e ningún Plan Urbanístico pode vulnerar. Polo tanto, ningunha desas alegacións poderá terse en conta atendendo á lexislación que rexe.

Medrar sen masificación

O novo PXOM fomenta a construción de vivendas de Protección Oficial



■ Rematada a exposición pública do PXOM días pasados, despois de aprobarse este documento o 31 de maio no Pleno municipal, presentáronse diversas alegacións que o Goberno Municipal está a estudar, e que segundo os informes técnicos preceptivos, algunhas serán aceptadas e outras non, debido a que non se axustan ós criterios establecidos na lexislación actual.



◆ O novo PXOM aborda entoutros temas os seguintes: o estudo e creación de novas infraestruturas viarias de ámbito local e comarcal, salientando entre estas a Vía Ártabra, as dúas novas pontes na Pasaxe a Ría do Burgo, un novo acceso dende San Pedro de Nós ata Santa Cruz, novas rotondas que implican diversas circunvalacións en Oleiros, Dorneda, Santa Cruz, Mera e Dexo –que sacarían o tráfico por fóra dos núcleos urbanos actuais–, a creación de novas vías de comunicación, rotondas e pasos a distintos niveis en Solymar –Perillo, dirección a Oleiros–, no centro de Santa Cruz, O Carballo cara Sada, Mesón da Auga cara a Lamastelle.


◆ A rede viaria do concello no seu conxunto, adáptase ás novas alienacións impostas polos organismos competentes propietarios da rede viaria; os anchos das vías van dende os 12 metros de mínimo nas vías locais, ata os máis de 30 metros nas vías de interese nacional. As vías provinciais e as autonómicas oscilan entre os 16 e os 21 metros de anchura.

◆ O Plan recolle tamén unha nova zona comercial e industrial emprazada nos lindes entre os concellos de Cambre e Sada, na zona do Espírito Santo, e tamén recolle unha zona comercial e de servizos nas inmediacións do Porto de Lorbé. Prevense novas delimitacións de solo para equipamento, como son as do Campo de Golf emprazado entre as localidades de Dorneda, Oleiros e Liáns, a creación de dous Portos Deportivos en Lorbé e Mera –este último de interese local–, a creación de infraestruturas deportivas para o campo de fútbol de Mera, e novas instalacións para o servizo da Universidade do deporte (Inef) en Bastiagueiro; a creación dun novo Centro de Saúde en Oleiros, unha nova dotación escolar en Vilanova (na Finca Tenreiro), e a ampliación do Cemiterio de Liáns, entre outras actuacións.



◆ No solo rústico, queda prohibido todo tipo de construción segundo obriga a lexislación vixente, e a Costa de Oleiros incrementará o ámbito de protección a 200 metros cara ó interior, a excepción dos solos urbanos, cuxa limitación seguirá sendo de 20 metros lineais.


■
A normativa para a construción nos solos urbanos e urbanizables, verase mellorada en relación cos retranqueos entre lindantes, que pasa de ser de 5 a 3 metros na meirande parte das Ordenanzas, na construción de sotos no ámbito da parcela, sen que sexa exclusivamente obrigatorio a construción de baixo do edificio principal para albergar garaxes ou servizos complementarios sen que computen.



◆ Na ordenanza 2C, a parcela mínima baixará de 1.500 a 1.000 metros, e segue manténdose a altura máxima do Plan, en baixo e 3 plantas.

◆ O Plan designa 5 distritos no territorio municipal que afectan ó conxunto das parroquias do concello, nos que se prevé a creación nun prazo de 10 anos, de máis de 2.000 vivendas de protección oficial.





... máis cine por favor...

► Cada ano, o Organismo Autónomo Municipal de Cultura elabora unha programación de cinematografía para levar a sétima arte a tódolos oleirenses e desfrutar así dunha actividade cultural máis. Este ano comezou a programación o 8 de xullo, e cada venres ata o 26 de agosto, escenarios das distintas parroquias de Oleiros terán nas proxeccións de cine unha ocasión máis para celebrar encontros a carón do celuloide. Bo cine, boas películas, e moito

público que encherá o calendario de proxeccións que se celebrarán sempre ás 22,30 da noite, e abertas ó público en xeral. Son de balde. Durante o mes de xullo, os veciños e veciñas de Perillo, Iñás, Nós, Mera, o Parque da Urbanización Os Regos e as Torres de Santa Cruz, acolleron as películas "Ocean's Twelve", "Mar adentro", "El Rey Arturo", "Un toque de canela", "Thunderbirds -Guardianes en el espacio" e "La casa de las dagas voladoras".

► 2 agosto	Polidepor. Rialta (Arillo)	<i>Pinocho 3000 K</i>
► 3 "	Pista Polid. Lorbé	<i>Spanglish</i>
► 11 "	Praza da Rabadeira-Oleiros	<i>Los Increíbles</i>
► 13 "	Casa Pobo Dexo	<i>Los chicos del coro</i>
► 18 "	Parque José Martí -Sta. Cristina	<i>Entre copas</i>
► 19 "	Castelo de Santa Cruz	<i>La Vuelta al mundo en 80 días</i>
► 20 "	Praza Constitución-Montrove	<i>Hitch: especialista en ligues</i>
► 26 "	Pista Polidep. Dorneda	<i>Los padres de él</i>

"O Médico na Casa", o programa da **saúde**, tódolos **luns**, ás **13,00** e ás **18,00 hs**, en **Radio Oleiros**

● A calidade de vida, comeza pola saúde. Saia de dúbidas, consulte o que precise, pida consello, recomende os temas a tratar...

● Fale co Doctor Francisco R. Caramazana, os luns ás 13,00 horas.



"O Menú do día", os **mércres** ás **13,00** e ás **19,00 hs**, en **Radio Oleiros**

● A boa saúde, comeza por unha alimentación san e saudable. Receitas, trucos, consellos culinarios... a mellor gastronomía, en Radio Oleiros.

● Chame os mércores ás 13 hs ó 981 63 10 78 óu 61 00 00, O profesor de cociña Ramón Piñeiro ten a resposta

Servizos Sociais: Ven e Descubre

Os maiores de 60 anos... van, e descubren

Os maiores de Oleiros están participando ó longo de todo o verán, e dende a pasada primavera, no programa que o concello organizou para este sector social, a través de Servizos Sociais, que baixo o título "Ven e descubre", leva ós nosos maiores a percorrer rotas e camiños, espazos e lugares cheos de encanto e de patrimonio. Un programa que consta de excursións e de sendeirismo por diferentes puntos do país, e que contribúe non só á convivencia dos participantes, senón a que estes teñan un maior coñecemento da riqueza de Galicia, e cómo non... que teñan unha opción lúdico-cultural na que investir o tempo de lecer que tanto merecen e do que desfrutan abertamente.



Excursións

As excursións programadas comezaron o 30 de abril e remataron o 10 de xullo. Na rota da Ribeira Sacra, os asistentes descubriron a paisaxe e cultura desta zona máxica de Galicia, chea de patrimonio románico e riqueza natural da que disfrutaron mesmo nos paseos en catamarán. Na rota da Costa Ártabra, centos de persoas das distintas parroquias de Oleiros descubriron a comarca do Ferrol, visitando dende o Museo Naval, o casco vello ferrolá ata as fortificacións que rodean a ría. E na rota de Valle-Inclán – Arousa, coñeceron máis a fondo as terras de Arousa, Vilagarcía, a Illa de Arousa, Vilanova e Cambados, a través dos lugares onde viviu o escritor Ramón María del Valle-Inclán. En total, participaron das excursións unhas 800 persoas.



Sendeirismo

As rotas de sendeirismo establecidas comezaron o 1 de xuño, e rematarán o 14 de setembro. Os Camiños de Oleiros, os Camiños de Montaña no Parque Natural dos Ancares lugueses, os Camiños de Fisterra e o tramo do Camiño Francés da rota xacobeá que vai de Palas de Rei a Melide, foron os destinos trazados.



Calendario de sendeirismo pendente:

Veciños de Serantes, Maianca, Dexo, Santa Cruz e Dorneda:

10 de agosto

Camiños de Fisterra

21 de agosto

Camiños de Montaña. Os Ancares

Veciños de Oleiros, Iñas e Nós:

24 de agosto

Camiños de Fisterra

7 de setembro

Camiños de Montaña. Os Ancares

Veciños de Perillo e Montrove:

17 de agosto

Camiños de Fisterra

14 de setembro

Camiños de Montaña. Os Ancares

Oleiros promove a cultura da solidariedade

■ *Promover valores solidarios, despertar a conciencia social dos destinatarios, involucrar paulatinamente ós e ás destinatarias do proxecto no compromiso con certas actividades de carácter social que se desenvolven na súa propia comunidade, combinar o ensino que os alumnos reciben nos centros escolares co fomento de iniciativas que favorezan ó desenvolvemento persoal dos mozos e mozas, e ofrecer alternativas atractivas e eficaces que convertan parte do tempo de lecer en tempo de preocupación social participación activa e cidadanía responsable, son os obxectivos que o concello de Oleiros perseguíu cando puxo en marcha a “Campana de sensibilización e promoción da cultura da solidariedade”, a través do servizo de Voluntariado.*

◆ Esta campaña levouse a cabo cos mozos e mozas de 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e o 1º ciclo formativo do IES María Casares. Con ela, ofreceuse unha formación non formal, tratando de conciencialos de que tódolos cidadáns, como membros dunha sociedade activa, temos unha responsabilidade coa mesma e que podemos comezar pola implicación nos asuntos de carácter local, favorecendo así ó desenvolvemento da nosa propia comunidade. Con esta campaña colaborou a ONG “Solidariedade Internacional”.



■ *A directora do Instituto de Promoción Humana de Nicaragua visitou ós alumnos que participaron do Obradoiro de Sensibilización e Promoción da Cultura da Solidariedade, e foi posteriormente recibida polo alcalde*

◆ Os conceptos de “solidariedade” de cara a evolucionar á idea de “xustiza social”, o visionado dun vídeo con debate comentando os aspectos vinculados ó tema tratado, obradoiros de xogos cooperativos, o xeito de resolver os conflitos, o proceso de creación dunha asociación ou organización solidaria, e unha sesión final de avaliación, constituíron as actividades desta campaña que comezou en xaneiro e rematou en xuño.

A Exposición “Obxectivos do Milenio”, do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, formou parte das actividades que se contemplaron no Obradoiro de “Sensibilización e Promoción da Cultura da Solidariedade”

▼ Obxectivos do Milenio das Nacións Unidas para o 2015:

- ▶ erradicar a pobreza
- ▶ acadar a educación primaria universal
- ▶ promover a igualdade entre os xéneros e a autonomía da muller
- ▶ reducir a mortalidade infantil
- ▶ mellorar a saúde materna
- ▶ combatir a SIDA e outras enfermidades
- ▶ garantir a sostenibilidade do medio
- ▶ fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento

Obradoiros para os máis novos en Perillo e Nós

◆ Xogos, cancións, elaboración de xoguetes con materiais de refugallo, obradoiros de manualidades, xogos deportivos... Os Obradoiros de verán que organizan os Servizos Sociais do concello dirixidos ós menores de idade, están cheos de actividades lúdicas e didácticas, porque non está rifado pasalo ben con aprender novas cousas que enriquezan. Por iso, Nós e Perillo acollen en xullo e agosto estes Obradoiros que proporcionan ós máis novos un apoio lúdico-educativo, ó tempo que se estimula a creatividade mediante xogos e actividades de distensión. E non se esquece tampouco concienciar ós menores ante diferentes temáticas, como o medio ambiente, o bo uso dos equipamentos municipais, e o afianzamento dos hábitos de participación e comunicación entre os propios rapaces.



Usemos o Transporte Comarcal!!

Servizo cada dúas horas, a 0,65 euros coa tarxeta

■ Dende o pasado 13 de xuño Oleiros conta con transporte comarcal, un servizo que comeza a funcionar ás 7 da mañá e que se repite cunha periodicidade de dúas horas. As tarxetas que permiten abaratar este servizo e acceder ó billete que da dereito ó transbordo de autobuses, pódense mercar en calquera das oficinas de Caixa Galicia en horario de atención ó público. O prezo destas tarxetas teñen unha fianza de 3 euros, e o seu custe mínimo é de 6 euros, podendo recargala ata un máximo de 60 euros, segundo a intensidade con que se use este servizo. Os horarios da rota que fará o microbús do transporte comarcal en Oleiros, serán de intervalos de dúas horas, comezando ás 7 da mañá na saída de Lorbé, e continúan cada dúas horas ata as 21,00 horas da noite, que será a última do día. Igualmente se mantén a periodicidade de 2 horas no traxecto de volta dende O Burgo a Lorbé, comezando esta viaxe ás 8 da mañá.

Horarios:

Saídas	Horas de paso							
Lorbé	7,00	9,00	11,00	13,00	15,00	17,00	19,00	21,00
Rialta (entrada Urbanización)	7,20	9,20	11,20	13,20	15,20	17,20	19,20	21,20
Sta Cruz (fronte Gasolineira)	7,25	9,25	11,25	13,25	15,25	17,25	19,25	21,25
Oleiros (fronte Policía Local)	7,31	9,31	11,31	13,31	15,31	17,31	19,31	21,31
O Burgo (Edf. Servi. Múltiples)	7,50	9,50	11,50	13,50	15,50	17,50	19,50	21,50

Saídas	Horas de paso							
O Burgo (Edf. Servi. Múltiples)	8,00	10,00	12,00	14,00	16,00	18,00	20,00	
Oleiros (fronte Policía Local)	8,20	10,20	12,20	14,20	16,20	18,20	20,20	
Sta Cruz (fronte Gasolineira)	8,22	10,22	12,22	14,22	16,22	18,22	20,22	
Rialta	8,32	10,32	12,32	14,32	16,32	18,32	20,32	
Lorbé	8,50	10,50	12,50	14,50	16,50	18,50	20,50	


Paradas:

- 1 A Veiga (Ext)
- 2 Vilar (Ext)
- 3 Igrexa de Nós
- 4 Vilanova
- 5 Salvador Allende con rúa das Pistas (Ext)
- 6 As Grovias
- 7 Gasolineira Iñas
- 8 Salvador Allende nº 194
- 9 Os Vilares 1 (rúa Piñeiro)
- 10 Os Vilares 2 (rúa Piñeiro)
- 11 Fontes (rúa Espoz e Mina)
- 12 Rúa Espoz e Mina con rúa da Igrexa
- 13 Urban. Arenaza (Ext)
- 14 Campamento (Motel Jardín)
- 15 Rúa Fonte Douro nº 23
- 16 Rúa Fonte Douro con rúa Condús
- 17 Obelisco (Ext)
- 18 A Pezoca 1
- 19 A Pezoca 2
- 20 Avda. Venezuela nº 84
- 21 Avda. Venezuela (Talleres Pombo)
- 22 Avda. Venezuela nº 66
- 23 Avda. Concepción Arenal (Ext)
- 24 Avda. Concepción Arenal (próx. Gasolineira)
- 25 Rúa Emilia Pardo Bazán (Centro de Recup. Fauna)
- 26 Rúa Emilia Pardo Bazán con rúa Fonte Franzomel
- 27 Rúa Emilia Pardo Bazán nº 58
- 28 Rúa Emilia Pardo Bazán (Ext)
- 29 Cruce Abeleiras (Bar)
- 30 Entrada Urbaniz. Rialta
- 31 Rúa Manuel Pardo de Andrade nº 10
- 32 Os Galgos
- 33 Broño nº 89
- 34 Cemiterio de Maianca
- 35 O Regacho
- 36 Rúa Enrique Tierno Galván con rúa Río do Campo
- 37 Mera (Gardería)
- 38 Rúa Cividanes (Nai-Pai)
- 39 Rúa Doctor Fléming con rúa das Escolas (Mª a da Pista)
- 40 Rúa Doctor Fléming (Ext)
- 41 Rúa Doctor Fléming próx. Rúa Jiménez Herrero (Ext)
- 42 Avda. Jiménez Herrero nº 14
- 43 Avda. Jiménez Herrero nº 54
- 44 Igrexa de Dexo
- 45 Avda. Jiménez Herrero nº 110
- 46 Rúa Golfiño nº 48
- 47 Rúa Golfiño nº 72

Dende Oleiros:

- ↓ Lorbé
- ↓ Dexo
- ↓ Cubo
- ↓ Mera
- ↓ Maianca
- ↓ Broño
- ↓ Los Galgos
- ↓ Arillo de Arriba
- ↓ Rialta
- ↓ Abeleiras
- ↓ Franzomel
- ↓ Santa Cruz
- ↓ Coruxo
- ↓ A Ferrala
- ↓ A Barreira
- ↓ Oleiros
- ↓ Iñas
- ↓ Morzán
- ↓ Os Vilares
- ↓ Vilanova
- ↓ Xardín de Nós
- ↓ A Veiga
- ↓ San Pedro
- ↓ Cuesta Tapia
- ↓ Edificios Múltiples

Rota e Paradas



Debe saber que:

- As tarxetas para poder facer o transbordo gratis, están á venda nas sucursais de Caixa Galicia en Oleiros
- As tarxetas teñen unha fianza de 3 euros (500 pts)
- Pódense recargar pagando dende 6 a 60 euros (1.000 a 10.000 pts)
- Poderanse facer transbordos gratuitos en todos aqueles puntos nos que coincida con liñas regulares da mesma empresa, sen que o tempo entre a baixada de un e a subida a outro bus exceda da hora e media.
- O recadro do horario sinala as Paradas máis importantes. Cómpre calcular o horario de cadansúa Parada atendendo á distancia que hai entre a Parada principal anterior e na que estamos situados.

■ Cal Pita: 981 23 57 59
 ■ Concello: 981 61 00 00

Ó son das noites en Oleiros

◆ As noites das fins de semana en Oleiros, soan con ritmo. Xa están en marcha tódalas actuacións que compoñen o programa impulsado dende a Concellería de Turismo que preside Antón Tenreiro, e que baixo o título de "Música na rúa 05" tenta non só entreteñer ós veciños e veciñas, e cómo non, ós visitantes que veranean no noso concello, senón tamén facer que o verán oleirense sexa especial, alegre e cheo de vida.

Por iso, son nove os grupos seleccionados para tocar, simultaneamente, en catro puntos de tres praias de Oleiros: a de Santa Cruz, a de Mera e dous puntos diferentes en Santa Cristina, e sempre, ó lado das terrazas e daqueles establecementos hostaleiros nos que máis xente se concentra entrada a noite.

O horario das actuacións é de 10 a 12 da noite, e a alternancia de grupos fará que sexan moitos os estilos musicais presentes nas

noites de verán de Oleiros. Así, do Rock encargaranse Spining Jenny, Lucía Aldao, o grupo Triquinoise e Jolie Rouge. O folc correrá a cargo de Rosa dos Ventos. Co acordeón e a gaita galega, serán os ourensáns Suso Vaamonde e Xosé Loís Romero quen amenizarán agradablemente as veladas.

Tamén haberá música africana a cargo de Domou África. E o flamenco, non podía faltar, e por iso, teremos en Oleiros a Santiphén.

Os días de actuación son os venres e sábados de xullo e Agosto. Só non tocarán cando no lugar da actuación coincida con festas patronais. Polo demais, todos e todas estamos convidados a disfrutar comodamente sentados nunha terraza, ou na beirarrúa, ou no Paseo Marítimo das praias, da música destes grupos que dende logo, confirman que na variedade, na diversidade, está o gusto e a riqueza.

Hai que quereiros

Hai que acariñalos

Hai que rexistralos no concello

Hai que sacalos de paseo...

... e hai que limpar os seus excrementos dos lugares públicos

por saúde

por hixiene

por respecto ós demais



As terrazas de Oleiros, xa cumpren a Ordenanza



◆ A Ordenanza Municipal que regula a utilización especial temporal da vía pública no que atinxe a terrazas de hostalería, máquinas automáticas expendedoras, instalacións desmontables e vehículos que anuncian a súa venda e se atopan na vía pública, entrou xa en vigor.

A meirande parte das terrazas hostaleiras no concello, ofrecen xa unha imaxe uniformada e que esteticamente, dista moito da que se ofrecía ata agora. Unha renovación de imaxe que beneficiará, sen dúbida, tanto ó sector en si como ó conxunto do concello, na medida en que se ofrece unha imaxe urbana moito máis agradable e estética do que viña sendo.

Un verán... moi deportivo

■ *Un ano máis, a concellería de Deportes ofrece unha ampla gama de oportunidades para poder desfrutar das actividades deportivas, a través de cursos, excursións e competicións, máis propios desta época. A información, coma sempre, está ó alcance de todos e todas no Centro Cultural da Fábrica en Perillo.*

- **Cursos de Kaiak de Mar:** (Obrigatorio saber nadar) Nas instalacións náuticas da praia de Bastiagueiro de luns a venres.
- **Cursos de iniciación ao Remo:** De 8 a 14 anos. (Obrigatorio saber nadar) Na sé da Escola Municipal de Remo en "A Fábrica", de luns a venres.
- **Cursos de iniciación ao Remo para maiores de 18 anos:** (Obrigatorio saber nadar) Na sé da Escola Municipal de Remo en "A Fábrica", de luns a venres.
- **Excursións en Kaiak de Mar:** De 18 anos en diante, ou maiores de 14 cun adulto de acompañante. (Obrigatorio saber nadar): Roteiro de aproximadamente tres horas pola Costa de Oleiros, con saída e regreso desde o local náutico municipal da praia de Bastiagueiro. Mércores: desde o 6 de Xullo ata o 24 de Agosto de 18:30 a 21:30 horas.
- **Cursos de Natación (desde 3 a 14 anos):** Na Piscina Municipal de Perillo, Xullo e Agosto. Información de horarios, quendas e prezos, na Piscina Municipal de Perillo na praza da Canteira – Perillo. Tfno. 981 634030).
- **Volei – Praia (de 15 anos en diante).** Na praia de Bastiagueiro. De luns a venres en horario de 11:30 a 13:30
- **Cursos de iniciación ó Body-Board (de 10 a 15 anos).** Nos locais municipais da praia de Bastiagueiro. De luns a venres.
- **Campamentos deportivos...** Actividades multideportivas que inclúen deportes, xogos deportivos, body-board, kaiak, escalada, orientación, piscina, etc... Cada campamento durará unha semana, de luns a venres, de 10:00 a 14:00 horas, e inclúe o servizo de transporte desde distintos puntos do concello. As idades distribúense entre os 7 e 17 anos segundo as distintas quendas. O punto de partida para as actividades serán os pavillóns municipais de Canide e Perillo.

Ademais, mantense o funcionamento das Escolas Municipais de Balonmán, Remo e o Programa de Asesoramento Físico, Oleiros en Forma.

Probas deportivas:

Competicións e Torneos

- **XV Bandeira de Traíñas:** 31 de Xullo, a partir das 11:30 na praia de Sta. Cristina, Reemitida en directo pola TVG.
- **Torneo de Balonmán:** 27-28 de Agosto.
- **Torneo de Fútbol,** durante o mes de agosto para tódolos clubs modestos do concello.
- **Triatlón:** 10 Setembro, para deportistas federados e veciños.
- **Torneo de tenis de mesa:** 24 e 25 de setembro.

Actividades deportivas.

Consellos prácticos e recomendacións

- **Cursos de Kaiak de mar:**
Obrigatorio saber nadar. É preciso levar "chancas", toalla e bañador, e en caso de ter traxe de neopreno tamén é aconsellable levalo, aínda que non é imprescindible para realizar a actividade.
- **Cursos de iniciación ó remo:**
Obrigatorio saber nadar. É preciso levar "chancas", toalla e bañador. Non fai falta o traxe de neopreno.
- **Excursións en Kaiak de mar:**
Obrigatorio saber nadar. É preciso levar "chancas", toalla e bañador. Non é preciso levar traxe de neopreno xa que a organización dispón deste material.
- **Cursos de iniciación ó Body-Board:**
Obrigatorio saber nadar. É preciso levar "chancas", toalla e bañador.
Se os participantes teñen material como táboas ou traxes, poden utilizado. En caso contrario será a organización quen facilite este material.
- **Campamentos deportivos:**
A xeito orientativo, a distribución das actividades será a seguinte:
Luns: Actividades polideportivas no pavillón (deportes e xogos).
Martes: Actividades acuáticas lúdicas na piscina municipal de Perillo.
Mércores: Multiaventura (escalada, rapell, tirolinas, etc...) no Pavillón Municipal de Canide.
Xoves: Xogos con material alternativo, iniciación á orientación e volei- praia.
Venres: Actividades de Kaiak e body-board na praia de Bastiagueiro.



O 20 de agosto, Concurso de Salto de Obstáculos

◆ A concellería de Turismo organiza xunto coa Asociación de Herradores de Galicia, un Concurso de Salto de Obstáculos que terá lugar na estrada das praias de Santa Cristina a Santa Cruz, na explanada anexa ó Haley. O evento terá lugar o sábado 20 de agosto, e nel participarán 50 cabalos cos seus correspondentes xinetes, e distribuiranse 1.335 euros nas 10 categorías de premios establecidos. A matrícula para participar na proba é de balde, e as inscricións hai que facelas antes do 15 de agosto na Federación Hípica Galega, no tlfn 986 213800, ou no correo electrónico fhgallega@fhgallega.com. Establécense probas de altura de 0,40 m, 0,80, 1,00, 1,10 e 1,20 m., e non poderán participar boxes. Autorízase a participación dun cabalo con 5 xinetes distintos na proba de 0,40 m, con tres xinetes na de 0,80, e 2 xinetes distintos nas de 1 e 1,10 metros.

Concurso de doma clásica categoría "c"

◆ Puntuable para o Campionato Galego, o domingo 21 de agosto celebrarase no mesmo lugar este Concurso de Doma Clásica categoría "c". Establécense nove categorías diferentes: alevíns, infantís, cadetes, xuvenís, xoves xinetes, potros de 4, 5 e 6 anos, e adultos, cadansúa cos respectivos reprises.

En ámbolos casos, existen uns regulamentos que os participantes deberán respectar, e que están a disposición dos interesados no teléfono e correo electrónico arriba sinalados.



AXENDA

Datas

FARMACIAS DE GARDA

Do 29 xullo ó 4 de agosto	<ul style="list-style-type: none"> ■ Marta Viqueira Mosquera. Rúa Miramar 4. Mera. Oleiros (981 61 79 37) ■ M^a Dolores Pan Nájera-Alesón. Celas. Culleredo ■ Beatriz Villarquide Vega. Enxertos 2. Sigrás. Cambre (981 67 65 75)
Do 5 ó 11 de agosto	<ul style="list-style-type: none"> ■ M^a Freire Rial-Teresa Miguélez. Avda. Rosalía de Castro 247. Perillo. Oleiros (981 66 38 90) ■ M^a Isabel Grela Eirís. Avda. Vilaboa 50. Culleredo (981 66 01 82) ■ Pilar Ameijeiras Marra. Pumar Méndez 1. Cambre (981 67 42 11)
Do 12 ó 18 de agosto	<ul style="list-style-type: none"> ■ M^a Rosa Cartufo Ferreño. Avda. Das Mariñas 247. Nós. Oleiros (981 66 38 90) ■ Amalia Mato Corral. Avda. Galicia 1. O Burgo. Culleredo (981 66 09 23) ■ José M^a Canzobre Vázquez. Brexo-Lema (Cambre)
Do 19 ó 25 de agosto	<ul style="list-style-type: none"> ■ Carmen Casariego Torres. C/Fco. Comesaña 4-6. Sta. Cruz (981 61 45 03) ■ M^a Eugenia Ulloa Rguez. Fonteculler. Culleredo. ■ Carlos de Castro Lorenzo. Volteiro s/n. Cecebre. Cambre (981 66 38 71) ■ M^a Josefa Seijas Seoane. Lugar Esperón 16. Tabeaio. Cambre-Carral.
Do 26 agosto ó 1 setembro	<ul style="list-style-type: none"> ■ M^a Teresa Lema Espadasín. Arillo. Dorneda (981 64 84 40) ■ M^a Carmen Gallego Ramallal - Carmen García. Rúa do Concello 15. Tarrío. Culleredo (981 67 76 56) ■ Isabel Mosquera Freira. Costa da Tapia 31. O Temple (981 66 00 51) ■ José Benjamín Lois Cachafeiro. Mártires 18-20. Carral.
Do 2 ó 8 setembro	<ul style="list-style-type: none"> ■ Marta Gil de la Peña. Urbanización Os Regos. Liáns. Oleiros (981 61 41 84) ■ Victor Casasola Rodríguez. O Portadego. Culleredo (981 28 70 35) ■ Beatriz Villarquide Vega. Enxertos 2. Sigrás. Cambre (981 67 65 75)
Do 9 ó 15 setembro	<ul style="list-style-type: none"> ■ Santiago Maíz Cal. Camiño Díaz Baliño 1. Oleiros (981 61 00 27) ■ M^a Dolores Pan Nájera-Alesón. Celas. Culleredo ■ Pilar Ameijeiras Marra. Pumar Méndez 1. Cambre (981 67 42 11)
Do 16 ó 22 setembro	<ul style="list-style-type: none"> ■ Marta Viqueira Mosquera. Rúa Miramar 4. Mera. Oleiros (981 61 79 37) ■ M^a Isabel Grela Eirís. Avda. Vilaboa 50. Culleredo (981 66 01 82) ■ José M^a Canzobre Vázquez. Brexo-Lema (Cambre)
Do 23 ó 29 setembro	<ul style="list-style-type: none"> ■ M^a Freire Rial-Teresa Miguélez. Avda. Rosalía de Castro 247. Perillo. Oleiros (981 66 38 90) ■ Amalia Mato Corral. Avda. Galicia 1. O Burgo. Culleredo (981 66 09 23) ■ Carlos de Castro Lorenzo. Volteiro s/n. Cecebre. Cambre (981 66 38 71) ■ M^a Josefa Seijas Seoane. Lugar Esperón 16. Tabeaio. Cambre-Carral.
Do 30 setembro ó 6 outubro	<ul style="list-style-type: none"> ■ M^a Rosa Cartufo Ferreño. Avda. Das Mariñas 247. Nós. Oleiros (981 66 38 90) ■ M^a Eugenia Ulloa Rguez. Fonteculler. Culleredo. ■ Isabel Mosquera Freira. Costa da Tapia 31. O Temple (981 66 00 51) ■ José Benjamín Lois Cachafeiro. Mártires 18-20. Carral.

URXENCIAS
SANITARIAS (Sta. Cruz): 981 61 49 01

A CASA GUYATT, historia recuperada



◆ Foi no 1908 cando Enrique Guyatt adquiriu a Fábrica e os terreos da antiga Cooperativa existente, para montar co seu irmán Roberto unha factoría dedicada á fabricación de cervexas, que se chamou “The Corunna Brewing Company & Limited”. Roberto Guyatt tiña a intención de facer un xardín merendeiro no patio da Fábrica, na que se atopa a Casa Guyatt, para a degustación do produto que elaboraban. Pero a idea non se levou a cabo.

No 1994 o concello de Oleiros adquire as instalacións mediante un convenio urbanístico asinado con Dona Dorotea Guyatt Collingwood, e converteu o que era a fábrica de cervexa en centro sociocultural e deportivo. Pero a Casa que se atopaba no interior, non se tiña reconstruído ata agora. A reconstrución deste emblemático edificio tivo un investimento de 381.227,17 euros, e a súa recuperación supón non só devolver a actividade a un edificio singular,

senón que ademais constitúe un exemplo de restauración exquisita tanto polo respecto mantido coa súa estrutura, como coa incorporación de novos elementos arquitectónicos que permite contemplar a paisaxe da ría, e recibir toda a luz que coa concepción da obra permite disfrutar dun espazo espléndido para pasar agradables instantes cando o obxectivo de dedicalo ó sector da hostalería, estea cumprido.

Papeis e cartóns, ó caixón azul

Vidro ó iglú verde

Restos orgánicos, ó contedor de tapa verde

Inertes, ó contedor de tapa laranxa

Pilas nas Casas do Pobo ou establecementos colaboradores

- Non tíre-lo lixo os sábados nen vésperas de festivos
- Respecta os horarios (entre 9 e 12 de noite)

Horarios de recollida do lixo:

Zona Perillo - Sta. Cristina - Bastiagueiro, *de luns a sábado:*
Inerte, de 23:00 a 05:00 hs. - **Orgánico**, de 06:00 a 12:30 hs.

Resto do Concello, *de luns a sábado:*
Inerte e orgánico, de 06:00 a 12:30 hs.

Horario do Punto Limpo

De luns a venres: de 09:30 a 13:00 hs.
de 15:30 a 19:00 hs.
Sábados: de 09:00 a 14:00 hs.

Un servizo municipal
xestionado polo
Consortio As Mariñas.
Telf.: 981 783 455

